

Bases reguladoras dos premios da VI Gala do Deporte Concello de Gondomar 2025

Co obxecto de impulsar e pór en valor o labor deportivo que desenvolven as persoas, organismos, institucións e entidades públicas e privadas do noso municipio, que dalgún xeito contribuíron de forma notoria a impulsar e difundir a práctica deportiva na nosa localidade, celebramos esta VI Gala do Deporte Concello de Gondomar 2025.

Nesta convocatoria valoraranse os méritos das tempada deportivas 2022-2023 e 2023-2024.

Esta iniciativa pretende reunir, na que será a súa sexta edición, a todas as persoas e institucións relacionadas co deporte da nosa vila e compartir con todos/as un gran día de festa e celebración. Polo tanto, dende o Concello de Gondomar, convocamos estes premios dirixidos aos e ás deportistas, así como ás persoas relacionadas co mundo do deporte gondomareño, que contan cunha traxectoria deportiva relevante, tratando de resaltar o labor deportivo e o traballo realizado por todos aqueles que, dalgún xeito, fan do deporte o motor das súas vidas.

Aos diferentes premios só poden optar as persoas físicas, clubs deportivos e entidades do municipio que cumpran cos requisitos establecidos, para cada unha das modalidades distinguidas e que figuran nas bases desta convocatoria.

As candidaturas que opten aos premios poderán ser presentadas por calquera persoa física, entidade deportiva local, club ou asociación, así como a proposta do xurado ou Concellaría de Deportes.



BASES DA CONVOCATORIA

ARTIGO 1. OBXECTO

O obxectivo principal destes premios é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e, en definitiva, os valores inherentes ao deporte, e que estes valores sirvan de espello para incentivar aos máis pequenos e a poboación en xeral para a práctica do deporte.

O obxectivo da presente convocatoria é a concesión dos premios deportivos que se outorgarán na “VI Gala do Deporte de Gondomar” nas categorías que figuran a continuación:

- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA FEMININA.
- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN FEMENINA.
- PREMIO AO MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA.
- PREMIO AO PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE.
- PREMIO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA.
- PREMIO AO MELLOR EVENTO DO ANO.
- PREMIO AOS VALORES HUMANOS (MENCIONS ESPECIAIS)



ARTIGO 2. CANDIDATOS/AS

2.1 Premio, ao MELLOR DEPORTISTA MASCULINO E FEMININO.

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría todas as persoas deportistas do noso municipio (naturais, empadroados/as ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva con un mínimo de dous anos nos clubs de Gondomar) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Gondomar ou noutras localidades.

Poderán concorrer á presente convocatoria aquelas persoas deportistas que a título individual destacasen polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que os fan acredores ao galardón.

Nesta categoría optarán só deportistas maiores de 18 anos ou participantes en categoría sénior.

2.2 Premio, ao MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO E FEMININO.

Poderán presentarse á convocatoria desta categoría as persoas deportistas do noso municipio (naturais, empadroados/as ou que leven desenvolvendo a súa traxectoria deportiva con un mínimo de dous anos nos clubs de Gondomar) e que practiquen a súa disciplina deportiva en Gondomar ou noutras localidades.

Poderán concorrer á presente convocatoria as persoas deportistas que a título individual destacasen polo seus logros, éxitos, triunfos deportivos ou por méritos que o xurado considere que os fan acredores ao galardón.

Nesta categoría concorrerán só deportistas menores de 18 anos ou participantes en categoría inferior á sénior.

2.3 Premio, ao MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA.

Nesta categoría valoraranse aqueles CLUBS OU ENTIDADES DEPORTIVAS que cumpran as seguintes condicións:

- a)** Que desenvolvan o seu labor deportivo no municipio e que estean legalmente constituídos e inscritos no Rexistro de Entidades do Concello de Gondomar.



b) Que realizen actividades de competición, promoción ou divulgación deportiva.

c) Que destacara ao longo da súa traxectoria non só polos seus méritos deportivos, senón tamén polas súas capacidades e dotes organizativas de eventos.

2.4 Premio, ao PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE

Nesta categoría valoraranse aquelas entidades privadas que estean legalmente constituídas e, que teñan destacado polo seu apoio e colaboración co deporte local, así como pola organización de eventos deportivos.

Tódolos clubs e entidades deportivas nomearán ata un máximo de tres entidades que colaboren e patrocinen os seus eventos deportivos. O xurado escollerá de entre as candidatas, as tres entidades nomeadas para o premio definitivo.

2.5 Premio, á TRAXECTORIA DEPORTIVA

Nesta categoría valorarase a aquelas persoas deportista de Gondomar que pola súa entrega, dedicación e pola exemplaridade da súa traxectoria deportiva realzaran o deporte gondomareño no noso municipio ou máis alá do mesmo.

2.6 Premio, ao MELLOR EVENTO DO ANO

Nesta categoría valorarase o evento organizado no municipio de Gondomar por calquera entidade deportiva, xa sexa ou non do Concello de Gondomar que realizen actividades de competición, promoción, divulgación deportiva e de lecer, que realzase o deporte gondomareño no noso municipio ou máis alá do mesmo.

ARTIGO 3. MENCIÓNS ESPECIAIS

O xurado, poderá outorgar mencións especiais para unha persoa ou entidade que aínda non sendo deportistas, destacara pola defensa dos valores humanos no deporte, relacionado co mundo do deporte de



Gondomar ; nalgún club ou que sempre promociione ou promocionase Gondomar por medio do deporte.

ARTIGO 4. CANDIDATURAS

Calquera club, cidadán/á, institución ou asociación, poderán así mesmo, propoñer de un a tres candidatos/as como máximo, para que sexa recoñecido/da o seu labor, sexa pola súa traxectoria deportiva, directiva, ou polo seu apoio ao deporte en xeral desde calquera ámbito de actuación, sempre que cumpra as condicións establecidas nas bases desta convocatoria e que reúnan os méritos ou requisitos suficientes para concorrer ó premio.

Así mesmo, o xurado poderá propoñer candidatos en cada unha das categorías descritas nas presentes Bases, así como crear novas categorías ou mencións.

ARTIGO 5. XURADO

O xurado encargarse da selección dos gañadores e gañadoras nas distintas categorías, en base ás propostas recibidas, e estará nomeado e presidido polo Alcalde Presidente do Concello de Gondomar ou a Concelleira de Deportes.

A decisión do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto un premio se as persoas ou entidades propostas, non acadasen, ao seu xuízo, o nivel deportivo suficiente.

ARTIGO 6. CALENDARIO.

Fase de recepción de candidaturas: Dende o 30 de xaneiro de 2025, ata o 28 de febreiro de 2025, presentadas no Rexistro Municipal do Concello ou polos medios legalmente establecidos.

Fase de reunión do xurado: O 7 de marzo de 2025 ás 19:00 h., no Concello de Gondomar.

Aviso moi importante: En canto se publiquen os nomeados de esta Gala, os clubs deportivos, entidades relacionadas co deporte ou



deporte individual, deixarán o antes posible o material fotográfico ou audiovisual necesario para este evento, (último día de entrega o 14 de marzo). En OLLOMOL AUDIOVISUAL, Rúa, Rosalía de Castro, 4º baixo, Gondomar, tlf-886124356.

Celebración da Gala do Deporte: O día 12 de abril de 2025, ás 20:00 horas no Pavillón Municipal, Bernabé Costas De Miranda.

ANEXO 1. FICHA DE NOMEAMENTO VI GALA DO DEPORTE

NOME DA PERSOA PROPOSTA.

LUGAR E DATA DE NACEMENTO.

CATEGORÍA FEDERADA.

DISCIPLINA DEPORTIVA.

CLUB AO QUE PERTENCE.

NOMEADO/A:

- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA FEMININA.
- PREMIO AO MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN MASCULINO.
- PREMIO Á MELLOR DEPORTISTA REVELACIÓN FEMENINA.
- PREMIO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA.
- PREMIO AOS VALORES HUMANOS (MENCIONS ESPECIAIS)

ADXUNTAR CURRÍCULO, MÉRITOS DEPORTIVOS, FOTOS QUE ACREDITEN EN DIFERENTES COMPETICIÓNS.



ANEXO 2. FICHA DE NOMEAMENTO VI GALA DO DEPORTE

NOME DO CLUB, ENTIDADE DEPORTIVA, EMPRESA E/OU EVENTO.

DISCIPLINA DEPORTIVA.

PROPOSTA

- PREMIO AO MELLOR CLUB OU ENTIDADE DEPORTIVA.
- PREMIO AO PATROCINIO E COLABORACIÓN CO DEPORTE.
- MELLOR EVENTO DO ANO.

ADXUNTAR FOTOS E DEMÁIS DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA.



ANEXO 3. DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE QUE PRESENTA A PROPOSTA

NOME E APELIDOS OU ENTIDADE

CIF/DNI

CORREO ELECTRÓNICO

TELÉFONO

Certifica que os datos incluídos nos méritos, currículo son totalmente certos.

Gondomar, _____ de _____ de 2025.

Sinatura



ANEXO 4. AUTORIZACIÓN USO DE DATOS VI GALA DO DEPORTE

ACTIVIDADE DEPORTIVA:

Nome e apelidos do/a deportista:

Enderezo do/a deportista:

Pai/nai/titor/ra ou familia acolledora (cubrir só en caso de que o/a deportista sexa menor de idade)

Nome e apelidos:

NIF:

En calidade de:

En relación coa achega por parte da entidade proponente, das reportaxes fotográficas ou audiovisuais dos/as deportistas nomeados para a súa exposición na VI GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE GONDOMAR, a celebrar o día 12 de abril de 2025, no Pavillón Municipal Bernabé Costas de Miranda, autorizo ao Concello de Gondomar a que poida expoñer fotografías e outros datos ao longo do desenvolvemento da citada Gala do Deporte, así como nas publicacións que sobre esta se realicen.

Gondomar, de de 2025

Asinado

